

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE PONTEVEDRA – O MORRAZO

TÍTULO I: DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Art. 1. DENOMINACIÓN E RÉXIME LEGAL

1º.- Procédese a modifica-los estatutos da Asociación de Desenvolvemento Rural de Pontevedra – O Morrazo con nº de inscrición no Rexistro provincial de asociacións sen ánimo de lucro 2008/012490-18 (PO) e CIF G36591873

2º.- A asociación carece de ánimo de lucro, ten plena capacidade de obrar e é de carácter permanente e duración indefinida. A asociación só se disolverá, de conformidade cos presentes estatutos, pola vontade dos/as asociados/as expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

3º.- A asociación rexerese, segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e no resto do ordenamento xurídico, e en concreto polo artigo 22 da Constitución, pola Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, polo Real decreto 949/2015 de 23 de outubro , polo que se aproba o regulamento do rexistro nacional de asociacións e das súas relacións cos restantes rexistros de asociacións, pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicábel, polos presentes estatutos e polo regulamento de réxime interno que, de ser o caso, aprrobe a Asemblea Xeral así como polos acordos validamente tomados pola súa Asemblea Xeral e polos seus órganos directivos dentro das súas respectivas competencias.

Art. 2. CAPACIDADE XURÍDICA

Esta asociación, unha vez inscrita no seu rexistro correspondente, disporá de plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins.

TÍTULO II : DOMICILIO SOCIAL E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Art. 3. DOMICILIO SOCIAL

A asociación establece o seu domicilio social na Rúa Os Campos, 19 - 36164 Mourente (Pontevedra). O domicilio social poderá ser transferido para calquera outro local e poderá crear locais asociativos noutras localidades mediante acordo da Asemblea Xeral, que tamén terá facultades para cambiar o domicilio do resto das sedes. Darase conta destes acordos ao organismo encargado do Rexistro de Asociacións.



Art. 4. ÁMBITO DE ACTUACIÓN

1º.- A asociación, en función dos seus fins, exercerá as súas actividades no ámbito territorial de actuación formado polos concellos de Barro, Bueu, Campo Lameiro, Cangas, Cerdedo-Cotobade, A Lama, Marín, Moaña, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra, Soutomaior e Vilaboa, sen prexuízo de que poida estenderse por necesidades operativas dos seus programas e actividades.

2º.- A asociación poderá crear delegacións sectoriais, núcleos ou outras formas de representación para o mellor cumprimento dos seus fins, tanto de ámbito rexional, nacional e internacional ou establecer con eles relacións de cooperación ou colaboración.

TÍTULO III : OBXECTIVOS E ACTIVIDADES

Art. 5. OBXECTIVOS E ACTIVIDADES

1º.- A asociación pretende servir de núcleo de converxencia e representación de axentes sociais e entidades xurídicas e institucionais, tanto públicas como privadas, interesadas no desenvolvemento rural e integral da zona de actuación, coa finalidade de conseguir os seguintes obxectivos:

- a) Participar nas iniciativas comunitarias da Unión Europea, nos programas de desenvolvemento rural e noutros de finalidade cultural, social ou medio ambiental.
- b) Promover o desenvolvemento rural entendido como un proceso de mellora das condicións culturais e materiais de vida, a través de iniciativas de base comunitaria.
- c) Sensibilizar as administracións locais, autonómicas e estatais, así como ás institucións comunitarias europeas, da necesidade de optimizar o aproveitamento dos recursos endóxeos de cara a un desenvolvemento harmónico e integral.
- d) Conseguir articular unha dinámica de participación local e rexional que facilite o desenvolvemento sostíbel: social, económico e ambiental.
- e) Potenciar a gobernanza local e a animación e innovación social.
- f) Posibilitar entre os/as asociados/as o intercambio de experiencias e metodoloxías de intervención no ámbito do desenvolvemento local e rexional.
- g) Servir aos/ás asociados/as de centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ao desenvolvemento local e rexional, tanto a nivel nacional como internacional, centrando este labor principalmente no



coñecemento das dotacións, recursos e proxectos existentes en cada momento e susceptibles de levarse a cabo pola propia asociación ou polos seus asociados/as.

2º.- Para alcanzar ditos obxectivos, a asociación poderá desenvolver as seguintes actividades:

- a) Deseño e posta en práctica das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) multisectoriais e integradas que respondan ás necesidades do territorio.
- b) Apoiar o desenvolvemento doutros proxectos de base local, con impacto económico, social e cultural.
- c) Sensibilizar o tecido social da zona sobre a problemática, recursos, accións e proxectos que contribúan aos seus intereses de desenvolvemento.
- d) Elaborar e apoiar proxectos, traballos de investigación, estudos de diagnose e accións de innovación, experimentación e avaliación no ámbito do desenvolvemento rural.
- e) Organizar, coordinar e realizar actividades socioculturais, tales como seminarios, conferencias, coloquios, xornadas, encontros, investigacións e estudos relativos aos problemas do desenvolvemento da zona, así como editar e publicar, no seu caso, todo tipo de material en soporte escrito, audiovisual ou electromagnético, de carácter especializado, didáctico ou simplemente divulgativo.
- f) Solicitar ante calquera instancia e executar no seu caso a realización de calquera programa ou proxecto relativo ao desenvolvemento local e rexional, xa sexa para realizarse dentro do territorio nacional como en calquera país estranxeiro.
- g) Proxectar, preparar e executar cantas accións ou actividades sexan necesarias para conseguir unha adecuada formación e posta ao día permanente de todos os colectivos vinculados ao desenvolvemento e, especialmente, dos membros da asociación.
- h) Recoller, tratar, difundir e intercambiar documentación e información relativa ao desenvolvemento rural, a través da creación dun centro adecuado para esta función e en estreita colaboración coas redes rexionais, europeas e mundiais xa constituídas.
- i) A asociación procurará, en conxunto coas poboacións locais e todas as institucións e personalidades públicas e privadas interesadas, promover a plena valorización dos recursos humanos - en réxime de igualdade de oportunidades / xénero - e naturais dos concellos do ámbito de actuación.



- j) Difundir os resultados da investigación tecnolóxica e científica relativa ao desenvolvemento rural e promover a relevancia desta fronte ás persoas e institucións potencialmente interesadas e fronte á opinión pública en xeral.
- k) A asociación exercerá a súa actividade por iniciativa propia ou a petición de terceiros, de acordo coas solicitudes que lle sexan formuladas.
- l) Contactar, cooperar, colaborar e participar con institucións e asociacións locais, rexionais, nacionais e internacionais afíns ao desenvolvemento rural.

Como asociación sen ánimo de lucro as rendas e outros ingresos que se obteñan por calquera concepto destinaranse aos devanditos fins exclusivamente.

TÍTULO IV: OS/AS ASOCIADOS/AS

Art. 6. ADHESIÓN DE ASOCIADOS/AS

1º.- A asociación estará integrada por un número ilimitado de asociados/as interesados/as no desenvolvemento integrado e participado, e que sexan admitidos/as na asociación, de conformidade cos presentes estatutos. Para lograr que a asociación represente un conxunto equilibrado da sociedade, determínase que a participación directa das institucións públicas ou de calquera grupo de interese concreto, nos órganos de goberno, non representarán máis do 49 % dos dereitos de voto na toma de decisións.

Non poderán formar parte da asociación as persoas físicas e as sociedades mercantís, agás as seguintes entidades de economía social: cooperativas, sociedades agrarias de transformación e sociedades laborais.

Entre os socios, deberán figurar, polo menos, a maioría dos concellos do ámbito territorial de actuación da asociación.

Poderán ser socios da asociación, entre outros, as comunidades ou mancomunidades de montes veciñais en man común sempre que se pronuncie expresamente a favor a súa asemblea xeral, as asociacións e organizacións profesionais, as entidades sen ánimo de lucro e as organizacións profesionais agrarias con presenza no territorio da asociación.

2º.- Na adhesión de asociados/as seguirase o principio de portas abertas, de xeito que se garanta permanentemente a incorporación de asociados/as. Para que unha entidade teña a condición de asociada deberá figurar na lista de fundadores ou ben, unha vez constituída a asociación, solicitarlle por escrito ao/a presidente/a da asociación a súa vontade de adherirse comprometéndose coa consecución dos fins estatuarios. Debe xuntar, ademais, un acordo do órgano competente da entidade que exprese a vontade de ser asociado e a persoa que a representará na asociación. A solicitude de ingreso deberá ser subscribida polo/a representante legal do/a interesado/a. O/A presidente/a trasladará a solicitude á Xunta Directiva, na primeira reunión que se celebre dende a data de entrada da documentación requirida, que deberá resolver adscribindo ao solicitante a unha das mesas



sectoriais segundo o seu interese preferente. No caso de que a Xunta Directiva denegue a solicitude, o/a solicitante poderá recorrer ante a próxima Asemblea Xeral para o que deberá solicitar por escrito á Xunta Directiva a petición de que a súa solicitude de admisión figure na orde do día da mesma e, en todo caso, ante o ordenamento xurisdiccional ordinario. Non se adquire a condición de asociado/a mentres non se satisfaga a cota de entrada que estableceza a Xunta Directiva e as débedas pendentes coa asociación.

3º.- Cando un candidato a ser asociado non teña o seu domicilio social no ámbito de actuación da asociación, deberá demostrar que desenvolve unha actividade relevante e consolidada no tempo en dito ámbito de actuación.

4º.-Cando un candidato a ser asociado solicite a súa entrada na asociación, deberá acreditar un ano de actividade no ámbito territorial da asociación.

5º.- A Asociación disporá, en todo momento, dunha relación actualizada dos seus asociados

Art. 7. PERDA DA CONDICIÓN DE ASOCIADO/A

1º.- Perderase a condición de asociado/a:

- a) Por decisión voluntaria do/a asociado/a. Cando a baixa se produza por vontade do asociado/a, este deberá realizar unha petición escrita.
- b) Por sanción imposta pola Xunta Directiva, polo incumprimento das obrigas inherentes á condición de asociado/a. Pérdese a condición de asociado/a por falta de pago das cotas de entrada e periódicas acordadas, pola realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación, por cesamento de actividade e/ou por extinción da persoa xurídica e por expediente disciplinario. A Xunta Directiva notificará por escrito o acordo de expulsión, e contra o mesmo caberá recurso ante a primeira Asemblea Xeral que se realice. A expulsión será motivada e acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia do/a asociado/a interesado/a. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

2º.- A baixa por calquera motivo da asociación, non exime o/a asociado/a de satisfacer as obrigas e compromisos de calquera natureza que tivera pendentes.

3º.- Os/As asociados/as poderán pedirlle á Xunta Directiva a separación temporal por escrito. A Xunta Directiva poderá acordar a separación temporal dun/dunha asociado/a cando se estea a tramitar un expediente sancionador, ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o atraso no pago dalgunha cota, ou comportamentos que afecten a boa marcha dalgún dos fins da asociación, en particular, a inasistencia ás reunións dos órganos de goberno da asociación. A falta de asistencia a dúas reunións consecutivas ou 4 alternas, suporá a baixa temporal



que se manterá por un período mínimo dun ano e rematará coa manifestación expresa do/a asociado/a da súa vontade de reincorporación.

Se transcorresen dous anos dende o acordo de baixa temporal sen que se teña producido a solicitude de reincorporación, a baixa tomará carácter definitivo e así lle será comunicado ao/á asociado/a.

4º.- O expediente sancionador recollerase no regulamento de réxime interno, pero en todo caso a resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Art. 8. CATEGORÍA DOS/AS ASOCIADOS/AS

1º.- Os/As asociados/as poden ser membros efectivos, patrocinadores ou honorarios.

2º.- A Xunta Directiva pode atribuír o título de asociado/a patrocinador/a ás entidades colectivas que contribúan de modo significativo ao funcionamento da asociación. Os/As asociados/as patrocinadores/as teñen os mesmos dereitos e obrigas que os membros efectivos, agás os dereitos a elixir ou ser elixidos para os órganos da asociación, a votar na Asemblea Xeral e a asistir ás Asembleas Xerais.

3º.- O título de asociado/a honorario/a concédeo a Asemblea Xeral, baixo proposta da Xunta Directiva, ás entidades colectivas que contribúsen significativamente á promoción do desenvolvemento rural ou que prestaran á asociación servizos moi relevantes. Os/As asociados/as honorarios/as teñen os mesmos dereitos e obrigas que os membros efectivos, agás os dereitos a elixir ou ser elixidos para os órganos da asociación, a votar na Asemblea Xeral e a asistir ás Asembleas Xerais.

Art. 9. DEREITOS E OBRIGAS DOS/AS ASOCIADOS/AS

1º.- Constitúen dereitos dos membros efectivos:

- a) Elixir ou ser elixido para os órganos da asociación.
- b) Formar parte e votar na Asemblea Xeral.
- c) Presentar suxestións relativas á realización dos obxectivos estatutarios.
- d) Solicitar as informacións e aclaracións que sexan convenientes sobre a realización de actividades da asociación.
- e) Tomar parte en cantas actividades organice a asociación en cumprimento dos seus fins.
- f) Gozar de todas as vantaxes e beneficios que a asociación poida obter.
- g) Ter copia destes estatutos e do regulamento interno da asociación.
- h) Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva da asociación.



- i) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da asociación.
- j) Exercer os poderes previstos nos presentes estatutos e nos regulamentos internos da asociación.
- k) Aprobar, se procede en Asemblea, o balance do exercicio e o orzamento anual.
- l) Os demais dereitos que resulten das normas legais e dos estatutos desta asociación, así como dos acordos validamente adoptados polos órganos de goberno.
- m) Aqueles outros dereitos que sexan recollidos na lexislación vixente.

2º.- Constitúen obrigas dos membros efectivos:

- a) Asistir ás Asembleas Xerais e asumir os acordos validamente adoptados por esta.
- b) Ocupar os cargos para os que resulten elixidos e desempeñar fielmente as obrigacións inherentes a estes.
- c) Pagar as cotas de entrada e as cotas periódicas que acorde a Xunta Directiva.
- d) Cumprir e facer cumprir as disposicións xerais aplicábeis á asociación, así como os estatutos, regulamentos internos e deliberacións dos seus órganos.
- e) Ausentarse nos debates e votacións sobre asuntos nos que teñan interese directo por motivos de titularidade, económicos ou societarios, de parentesco até o terceiro grao de consanguinidade, afinidade ou adopción, ou de amizade íntima ou inimidade manifesta. Ademais garantirán a través do procedemento oportuno, que se evite calquera conflito de intereses na toma de decisións .
- f) Fomentar os obxectivos que promove a asociación.
- g) Participar e realizar cantas tarefas lle sexan encomendadas en determinación dos estatutos e do regulamento interno da asociación, e por derivación dos acordos tomados pola Asemblea Xeral, Xunta Directiva, mesas sectoriais e comisións ou comités que se poidan crear.
- h) Aquelas outras obrigas que sexan recollidas na lexislación vixente.



Para poder participar na Asemblea Xeral e nas actividades da asociación será necesario estar ao corrente no pagamento das cotas.

TÍTULO V : OS ÓRGANOS DE GOBERNO DA ASOCIACIÓN

Art. 10. OS ÓRGANOS DE GOBERNO

A asociación rexerese polos seguintes órganos colexiados:

- a) A Asemblea Xeral.
- b) A Xunta Directiva.
- c) As mesas sectoriais.

Son órganos unipersoais, como mínimo, a Presidencia, a Vicepresidencia, a Secretaría e a Tesourería. Os titulares destes órganos son elixidos pola Xunta Directiva de entre os seus membros, por un período de tres anos podendo ser reelixidos

Art. 11. A ASEMBLEA XERAL

1º.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo da asociación; estará integrada por todos os membros da asociación en plena facultade dos seus dereitos e nela teñen dereito a voto todos os membros efectivos. A mesa da Asemblea Xeral constituirase por un/unha presidente/a, un/unha vicepresidente/a e un/unha secretario/a. O/A presidente/a, o/a vicepresidente/a e o/a secretario/a da Asemblea Xeral serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

2º.- Cada asociado/a que sexa persoa xurídica terá dereito a un só voto.

3º.- A representación de cada asociado/a na Asemblea Xeral poderá ser a través do seu ou da súa titular, suplente ou doutro/a asociado/a en quen delegue.

4º.- Cada persoa física soamente poderá representar a unha entidade e ademais, unha única delegación de voto.

Art. 12. ACORDOS ADOPTADOS POR MAIORÍA CUALIFICADA EN ASEMBLEA XERAL

1º.- Tendo en conta o disposto no apartado 1º do artigo anterior, é necesaria a maioría simple, ou sexa, o voto da metade máis un dos asociados efectivos presentes e representados para decidir sobre os seguintes asuntos:

- a) Nomeamento e cesamento anticipado dos membros que han de integrar a Xunta Directiva.
- b) Aprobación e modificación dos estatutos da asociación.
- c) Disolución da asociación e designación dos/as liquidadores/as da mesma.
- d) Disposición ou alleamento de bens.
- e) Constitución de federacións ou integración nelas.



- f) Aprobación de regulamentos de réxime interno, no seu caso.
- g) Solicitar a cualificación de asociación de interese público.

2º.- Non obstante requirirase como mínimo dous terzos dos votos presentes ou representados para acordos adoptados sobre os asuntos sinalados nas letras b, c, d, f, g.

3º.- Os acordos sobre aprobación de contas e orzamento da asociación, memoria de actividades da asociación e cotas dos asociados requirirá a maioría simple dos presentes ou representados. Tamén terán que ser aprobadas por maioría simple dos presentes e representados todas aquelas cuestións que afecten a boa marcha da entidade que sexan sometidas á súa consideración pola Xunta Directiva ou polos asociados como rogo ou pregunta.

4º.- Con respecto ao acordo das contías das cotas de ingreso e periódicas e á súa forma de pagamento, a Asemblea Xeral poderá acordar establecer importes diferentes para asociados públicos e privados. A contía da cota de ingreso será igual á achega fundacional; a Asemblea Xeral poderá establecer unha actualización anual non superior ao incremento do IPC.

Art. 13. CONVOCATORIA DA ASEMBLEA XERAL

1º.- A Asemblea Xeral poderá ter carácter ordinario ou extraordinario.

2º.- A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario unha vez ao ano, en virtude da convocatoria do presidente, feita con quince días de antelación, cando menos, á data de realización da Asemblea Xeral.

3º.- A Asemblea Xeral reunirse con carácter extraordinario a petición da Xunta Directiva, por propia iniciativa, ou a requirimento de polo menos o 10 % dos/as asociados/as. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ao/á presidente/a, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día. A convocatoria deberá efectuarse coa mesma antelación que a prevista no apartado anterior. Cando non se convoque transcorridos dez días dende o da petición, os peticionarios poderán facer a convocatoria. Non obstante o anterior e cando medie causa de urxencia, poderá convocarse sesión extraordinaria sen a referida antelación; en tales casos a Asemblea Xeral deberá, no seu inicio, pronunciarse sobre a procedencia dos motivos, e quedará desconvocada se por maioría simple se estimase que non existe causa xusta.

A convocatoria farase por medio escrito ou calquera outro medio que deixe constancia da súa recepción.

4º.- De cada unha das reunións realizadas levantarase a acta correspondente que certificará o/a secretario/a co visto e praxe do/a presidente/a.



Art. 14. COMPETENCIAS DA ASEMBLEA XERAL

Á Asemblea Xeral correspóndelle (ademais do sinalado no artigo 12 dos presentes estatutos):

- a) Interpretar os presentes estatutos, aprobar os regulamentos necesarios e decidir sobre os casos omisos.
- b) Elixir e destituír por escrutinio secreto os/as asociados/as que van formar parte da Xunta Directiva.
- c) Nomear delegados que representen á asociación de modo permanente.
- d) Aprobar e votar os orzamentos presentados pola Xunta Directiva e exame e aprobación das contas anuais.
- e) Aprobar os proxectos, programas de actividades e os plans plurianuais.
- f) Fixar as cotas dos/as asociados/as.
- g) Deliberar sobre a exclusión e os recursos de non admisión dos/as asociados/as.
- h) Autorizar a creación de comisións e delegacións, así como establecer o seu funcionamento.
- i) Deliberar sobre todos os asuntos que lle presenten a Xunta Directiva e os demais membros da asociación con base ás disposicións estatutarias.

Art. 15. CARACTERÍSTICAS DA ASEMBLEA XERAL

1º.- Acompañarase á convocatoria da Asemblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria, a orde do día que comprenderá os asuntos a tratar. Deberase, ademais, incluír nela calquera asunto que, estando dentro dos fins desta asociación, fose expresamente solicitado por escrito por dous membros, polo menos, da Xunta Directiva ou polo 10 % dos/as asociados/as. Dita solicitude deberá presentarse, polo menos, con 3 días de antelación respecto da data de realización da Asemblea.

2º.- As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas na primeira convocatoria cando a elas concorran, presentes ou representados, a metade máis un dos/as asociados/as; e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociados/as concurrentes.

3º.- As persoas xurídicas estarán representadas na Asemblea polo seu representante legal ou pola persoa física que sexa designada pola entidade correspondente.

4º.- Os acordos validamente adoptados en Asemblea Xeral obrigarán a asociados/as, incluso aos/ás non asistentes.



5º.- A sesión da Asemblea Xeral abrírase cando así o determine a presidencia da mesma. Seguidamente a secretaría procederá á lectura da acta da Asemblea anterior, que deberá ser aprobada. Posteriormente o secretario procederá a presentar a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda e procederase á aprobación nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

6º.- Os acordos que vaian contra estes estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridos perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Art. 16. A XUNTA DIRECTIVA

1º.- A Xunta Directiva é o órgano de goberno, xestión e representación da asociación.

A Xunta Directiva da asociación estará formada polos representantes dos asociados elixidos pola Asemblea Xeral, en función da pertenza destes a cada mesa sectorial, de acordo coa representatividade que a Asemblea Xeral lle outorgue a cada unha delas. Constará de 21 membros. Na xunta directiva estarán necesariamente representados, cando menos, os seguintes colectivos, sempre e cando sexan socios da entidade e desexen formar parte da citada xunta directiva: as asociacións de mulleres, as asociacións de mozos, as asociacións de acción social, as asociacións cuxo obxecto social estea relacionado, de xeito prioritario, coa protección, conservación e/ou mellora do ambiente, as asociacións do sector agrario, incluíndo as organizacións profesionais agrarias, as asociacións de empresarios e as asociacións profesionais, as asociacións do sector cultural, educativo ou etnográfico e o sector público.

A xunta directiva só estará validamente constituída cando os representantes do sector privado supoñan como mínimo o 51 % dos membros presentes ou representados.

2º.- Estará constituída pola presidencia, vicepresidencia, secretaría, tesourería e dezasete vogais.

Segundo a definición de Mesas Sectoriais que figura no artigo 17; representando ao sector público estarán nove representantes da mesa “Institucional”.

Representando ao sector privado, estarán doce representantes:

- catro representantes da Mesa Sectorial “Agrogandeira e montes”; como mínimo, un deles será das asociacións do sector agrogandeiro.
- tres representantes da Mesa Sectorial de “Asociacións Xuvenís, Culturais e de Acción social”; un deles das Asociacións Xuvenís, un das Asociacións Culturais, educativas, etnográficas, recreativas, veciñais etc e un das asociacións de acción social.
- tres representantes da Mesa Sectorial “Economía e Turismo”; un das asociacións de turismo e artesanía, e dous das asociacións de empresarios, profesionais e economía social.



- un representante da Mesa Sectorial de “Igualdade”.
- un representante da Mesa Sectorial de “Medio Ambiente”.

Procurarase na composición da Xunta Directiva o cumprimento da Lei orgánica 3/2007 de 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

3º.- Os/As membros da Xunta Directiva serán nomeados/as para formar parte da mesma a proposta de cada unha das mesas sectoriais constituídas que deberán ser ratificados pola Asemblea Xeral. Dito nomeamento farase por un período de tres anos e poderán ser reelixidos unha ou máis veces consecutivas.

Para ser membro da Xunta Directiva da asociación serán requisitos indispensábeis: ser maior de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e non estar incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente. So poderán formar parte da Xunta Directiva os/as asociados/as.

4º.- Os membros da Xunta Directiva designarán entre eles os distintos cargos da mesma. O quórum de constitución, en primeira convocatoria, será a maioría simple, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asistentes, respectando sempre a relación entre o sector público e o privado que ten que ser menor ou igual ao 49%. En ambos os casos, necesitarase a presenza do/a presidente/a, ou do/a vicepresidente/a e/ou do/a secretario/a ou persoa que os substitúa. O quórum de votación necesario para a adopción de acordos válidos será a maioría simple de asistentes á reunión. No caso de empate o/a presidente/a terá voto de calidade.

Ademais, nas reunións da xunta directiva poderá participar, con voz pero sen voto, unha persoa técnica en desenvolvemento rural designada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Excepcionalmente, cando a Presidencia aprecie a existencia de circunstancias que así o aconsellen, poderanse realizar Xuntas directivas non presenciais, realizadas a través de acordos escritos dos seus membros, vía correo electrónico, dos cales quedará constancia documental suficiente.

A Xunta directiva, para evitar conflitos de intereses en relación á xestión das axudas nas que a asociación actúe como entidade colaboradora da Administración para a xestión da medida Leader de Galicia, deberá cumprir o seguinte procedemento:

1. Deberá xuntarse a cada expediente unha declaración expresa, asinada por todas as persoas que participen na selección dun proxecto e que sinalen que non teñen ningún interese persoal ou profesional directo na selección do citado proxecto.
2. Se un membro do comité de avaliación ou decisión do GDR ten algún tipo de relación profesional ou persoal co promotor do proxecto, ou calquera interese profesional ou persoal nel, debe presentar unha declaración escrita explicando a natureza da relación ou interese, a cal deberá formar parte do expediente. Calquera interese común deberá declararse, incluídos os familiares, afectivos, políticos ou económicos.



3. Se un membro do comité de avaliación ou decisión se atopa na situación descrita no parágrafo anterior, non poderá participar no proceso de avaliación ou selección, nin atoparse presente durante o debate da proposta do proxecto. Esta circunstancia documentarase nas actas.
4. Cando exista dúbida sobre o interese común entre algún membro do comité de avaliación ou selección, o GDR deberá remitir o asunto á administración competente para a xestión da medida Leader, para que adopte unha decisión sobre a efectiva existencia dun conflito de intereses.

Os cargos que compoñen a Xunta Directiva da asociación serán gratuítos e deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade por si mesmos ou por persoa interposta.

Os membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos por pasamento, renuncia voluntaria, transcurso do prazo do mandato para o que os elixiron, pola extinción ou baixa na asociación da entidade á que representen, por perder a condición de representante da entidade á que representen ou por acordo da Asemblea Xeral. O cesamento levará consigo a obriga de poñer ao día ao sucesor e, eventualmente, de entregarlle a documentación pertinente.

As vacantes que se produzan na Xunta Directiva cubriranse cos representantes dos asociados elixidos pola mesa sectorial correspondente que ratificará a Asemblea Xeral .

5º.- Competencias da Xunta Directiva:

- a) Promover a administración da asociación en conformidade cos estatutos, regulamentos e decisións da Asemblea Xeral, e representala en xuízo e fóra del na persoa do/a seu/súa presidente/a.
- b) Tomar todas as iniciativas que se encadran na política xeral da asociación; poderá iniciar procesos de selección de persoal, incluído o de xerente/a e colaboradores/as, aprobar expedientes de contratación e realizar á Asemblea Xeral todas as propostas que se consideren oportunas.
- c) A xestión como entidade colaboradora de subvencións para a realización de proxectos dirixidos ao cumprimento dos fins da asociación
- d) Delegar funcións en persoas que se ocupen do desenvolvemento rural e de cuestións conexas.
- e) Crear comités e/ou comisións de traballo para aqueles asuntos que así o consideren, así como establecer o seu funcionamento.
- d) Asociarse con asociacións nacionais e internacionais de desenvolvemento rural ou de áreas afíns e participar nas respectivas iniciativas.



- e) Executar os acordos da Asemblea Xeral, executar e desenvolver os proxectos e plans aprobados pola Asemblea Xeral.
- f) Adoptar e executar as accións de goberno e administración da asociación.
- g) Adoptar cantas medidas fosen necesarias para o cumprimento dos fins estatutarios, e en xeral, da boa marcha da asociación.
- h) Elaborar para a súa presentación na Asemblea Xeral o informe económico anual, así como o orzamento, memoria e plan de actividades.
- i) Interpretar os preceptos contidos nos estatutos o nos regulamentos ou normativas internas, no seu caso.
- j) Organizar e coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre os/as asociados/as.
- k) Propoñer á Asemblea Xeral a contía das cotas de ingreso e periódicas e a súa forma de pago.
- l) Elaborar, de ser o caso, os regulamentos e normas internas.
- m) Cantas deriven das leis ou dos estatutos e, en xeral, cantas facultades non estean reservadas por aquelas ou por estes a outros órganos sociais.

Para o exercicio destas competencias a Xunta Directiva poderá dotarse do equipo de apoio necesario.

6º.- A Xunta Directiva reunirse en calquera momento mediante convocatoria do/a presidente/a, por iniciativa propia ou a instancia de calquera dos seus membros.

Os membros da Xunta Directiva, en caso de ausencia, poderán delegar, por escrito, noutros membros da Xunta Directiva do sector público ou privado, segundo o sector ao que pertenza o/a ausente. Só se admite unha delegación por persoa.

7º.- A presidencia asume a representación legal da asociación para todos os efectos, tanto en xuízo como fóra del, con voto de calidade en caso de empate. A presidencia executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e pola Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha e outra. Terá como funcións:

- a) Dirixir, ordenar e arbitrar os debates da Xunta Directiva, así como convocar as súas reunións, presidilas e fixar a orde do día.
- b) Ordenar os gastos e pagos da entidade, asinando xunto co/a tesoureiro/a.
- c) Autorizar coa súa sinatura os escritos e comunicacións necesarios para o funcionamento da asociación, así como asinar os documentos autorizados polo/a secretario/a, especialmente se teñen carácter de certificacións.



- d) Asumir e realizar tantas encomendas como lle sexan encargadas por acordo da Xunta Directiva ou da Asemblea Xeral.
- e) Visar as actas da reunión e vixiar a execución dos acordos adoptados.
- f) Exercer, no seu caso, a xefatura do cadro de persoal da entidade.
- g) Todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.
- h) Subscribir contratos a nome da asociación, outorgar poderes a terceiros, interpoñer reclamacións ante a vía gubernativa e ante a xurisdición ordinaria e as especiais, aceptar donativos, legados e herdades, exercitar accións e opoñer excepcións.
- i) Coordinar todas as actividades que constitúen o obxecto da asociación.

8º.- A vicepresidencia, en ausencia da presidencia, exercerá todas as funcións e atribucións encomendadas a esta.

9º.- Á secretaría correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Actuar exercendo como tal nas reunións.
- b) Custodiar os libros de actas e a documentación da asociación, excepto os libros de contabilidade, selos e o ficheiro da asociación.
- c) Dirixir, organizar e coordinar o desenvolvemento das actividades administrativas da entidade.
- d) Redactar e anotar nos libros correspondentes as actas das reunións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral, así como expedir certificacións dos mesmos co visto e praxe do/a presidente/a.
- e) Levar a correspondencia ordinaria.
- f) Levar o rexistro e o ficheiro.
- g) Executar os acordos estatutariamente adoptados, baixo a supervisión do/a presidente/a.
- h) Redactar a memoria anual da asociación.
- i) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.

10º.- Á tesourería correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Recadar os fondos da asociación, custodialos e executar os investimentos segundo o acordado polo órgano competente.
- b) Efectuar os pagos acordados polo/a presidente/a.
- c) Dirixir e ordenar a contabilidade, así como velar pola orde económica da asociación.
- d) Elaborar o orzamento anual de ingresos e gastos.



- e) Preparar os balances, inventario e orzamento da asociación para a súa aprobación pola Asemblea Xeral.
- f) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.

11º.- O exercicio dos cargos de secretario/a e tesoureiro/a complementarase coa designación de persoal cualificado por parte da Xunta Directiva, creándose así unha estrutura técnica que asesore en tales materias a cada un deles.

12º.- Os/As vogais desempeñarán as funcións xenéricas do seu cargo, sen prexuízo daquelas outras que por acordo da Xunta Directiva lles fosen asignadas. A Xunta Directiva poderase dotar dun regulamento de funcionamento interno.

Art. 17. AS MESAS SECTORIAIS

As entidades integradas na Asemblea Xeral organizaranse en torno a seis mesas sectoriais nas cales poñerase en común a problemática dos sectores que representen, e presentaranse posíbeis actuacións de mellora sendo o vehículo canalizador que faga chegar á Xunta Directiva todas aquelas suxestións, demandas, proxectos e iniciativas que os sectores poidan presentar. As mesas organizaranse nos seguintes sectores:

- a) “Institucional”, onde se inclúen as entidades locais, e outros organismos públicos vinculados ou dependentes delas.
- b) “Agrogandeira e montes”, onde se inclúen as organizacións agrarias, asociacións e institucións e empresas do sector agrogandeiro e as Comunidades e propietarios de montes.
- c) “Economía e Turismo”, onde se inclúen as asociacións de empresarios e profesionais, sindicatos e entidades relacionadas coa economía social, turismo e artesanía.
- d) “Asociacións Xuvenís, Culturais, e de acción social”, onde se inclúen as asociacións xuvenís, culturais, educativas, etnográficas, recreativas etc e veciñais e de acción social.
- e) “Igualdade”, onde se inclúen as diferentes asociacións de mulleres cuxo obxecto social estea referido, á protección e apoio deste colectivo, así como á defensa dos dereitos e intereses que lle son propios.
- f) “Medio ambiente”, onde se inclúen organizacións, asociacións e institucións cuxo obxecto social estea relacionado, coa protección, conservación e/ou mellora do ambiente.

Cada entidade deberá estar adscrita a unha mesa sectorial na que elixe aos seus representantes e participa nas decisións. A asistencia ás mesas é libre para calquera asociado/a con voz e sen voto.



As mesas sectoriais poderán variar segundo as novas demandas ou sectores que poidan xurdir no territorio.

As mesas sectoriais constitúen a base da participación e difusión da información para as entidades que operan no territorio. Teñen como finalidade dinamizar sectorialmente aos actores locais implicados no desenvolvemento do territorio, así como servir de canle informativo das actividades da asociación.

A mesa sectorial poderá ser convocada polo seu representante, polo presidente, pola Xunta Directiva, polo 20 % dos asociados pertencentes á mesa sectorial ou polo 5% dos socios totais da asociación.

Os/As representantes das mesas sectoriais serán nomeados/as entre aqueles membros da mesa que se presenten como candidatos/as; serán elixidos/as o/os candidato/s que maior número de votos obteña/n. No suposto de presentarse un/ha só/a candidato/a este/a deberá obter, como mínimo, a maioría simple dos presentes na mesa sectorial con dereito a voto. O seu nomeamento deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral.

TÍTULO VI : PATRIMONIO E RÉXIME ECONÓMICO

Art. 18. PATRIMONIO E RÉXIME ECONÓMICO

1º.- A asociación terá patrimonio propio, os seus recursos serán: as cotas dos/as asociados/as, donativos, subvencións e ingresos doutra procedencia que se poidan captar e que estean permitidos pola lexislación vixente.

2º.- O importe das contribucións obrigatorias destinarase aos gastos xerais da asociación. As subvencións procedentes das Administracións así como as doazóns e axudas serán aplicadas á finalidade para as que foron concedidas.

3º.- No momento da súa constitución a asociación carece de patrimonio. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural. A asociación levará a súa contabilidade de conformidade coas normas específicas que lle resulten de aplicación.

4º.- Os beneficios eventualmente obtidos non se distribuirán entre os/as asociados/as, senón que se reinvestirán para o cumprimento dos obxectivos sinalados no artigo 5 destes estatutos.

5º.- A asociación funcionará en réxime de orzamento anual.

6º.- Para a disposición de fondos nas entidades bancarias onde a asociación teña depositados os mesmos, terán recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria correspondente o/a presidente/a e o/a tesoureiro/a.



TÍTULO VII : O REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Art. 19. O REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

O Regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes estatutos; non poderá ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso, o funcionamento interno da asociación someterase ao ordenamento xurisdiccional civil.

TÍTULO VIII : MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Art. 20. MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Os presentes estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou da cuarta parte dos/as asociados/as. A convocatoria da Asemblea Xeral estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 7 días para que calquera asociado/a poida dirixir á Secretaría as propostas e emendas que estime oportunas. Estas propostas e emendas complementarán a documentación da citada Asemblea Xeral e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

Art. 21. DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

A asociación establécese por tempo indefinido e poderase disolver, no seu caso, nos supostos seguintes:

- a) Por sentenza xudicial.
- b) Por acordo da Asemblea Xeral, convocada para ese efecto.
- c) Por carecer de recursos económicos para cubrir os seus gastos máis elementais.
- d) Polas demais causas que poda determinar a lei.

Disolta a asociación procederase a súa liquidación.

De non acordarse outra cousa na Asemblea Xeral, actuarán como liquidadores tres dos membros da Xunta Directiva, nomeados para esta función pola propia Xunta Directiva.

A comisión liquidadora farase cargo do patrimonio existente e satisfará as obrigas pendentes, se as houbera. Dita comisión procederá a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante. O haber resultante, no caso de que exista, será doado a calquera entidade sen ánimo de lucro legalmente constituída que se dedique a idénticos fins ou, no seu defecto, análogos aos desta asociación.



O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.

TÍTULO IX : DISPOSICIÓN XERAIS

Art. 22. DISPOSICIÓN XERAIS

1º.- As cuestións non mencionadas nestes estatutos e no Regulamento de réxime interno serán reguladas na Asemblea Xeral e polas disposicións legais en vigor sobre asociacións.

2º.- Os presentes estatutos entran en vigor inmediatamente despois da aprobación e cumprimento das disposicións legais aplicábeis.

DILIXENCIA. Don Miguel Anxo Fernández Lores, titular da Presidencia, e Don Andrés Díaz Sobral, titular da Secretaría da Asociación de Desenvolvemento Rural de Pontevedra – O Morrazo fan constar que os presentes estatutos están redactados coa inclusión das modificacións acordadas na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 22 de xuño de 2022, de acordo cos requisitos establecidos na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e seguindo o procedemento previsto nos seus estatutos.

Pontevedra a 19 de xullo de 2022.

O Secretario

Vº.Prce.
O Presidente

Asdo. Andrés Díaz Sobral

Asdo. Miguel Anxo Fernández Lores

